

CIRCULAR 265

INFORMATIVA DO
COLEXIO OFICIAL DE
PSICOLOXÍA DE GALICIA

MAIO 2017

ACHEGAS
DA PSICOLOXÍA

16 DE XUÑO 2017

XUNTA DE GOBERNO



Mª Rosa Álvarez Prada

Decana



Hipólito Puente Carracedo,

Vicedecano / Coordinador da Comisión Intersectorial de Mediación e Responsable da páxina web



José Manuel Oreiro Blanco

Secretario / Responsable de Cadernos de Psicología e Coordinador coas Seccións de Psicología da Intervención Social e Xurídica



Mª Concepción Prado Álvarez

Vicesecretaria / Responsable de Emprego e do Fondo Bibliográfico e Psicométrico



Miguel Ángel Chouza Ponte

Tesoureiro / Responsable de Servizos Colexiais e de Formación



José Luis Domínguez Rey

Vogal / Responsable da Circular Informativa, Correspondente de Infocop e Coordinador coa Sección de Psicología do Traballo e das Organizacións



Olegaria Mosqueda Bueno

Vogal / Coordinadora coa Sección de Psicología Educativa



Ana Isabel Martínez Arranz

Vogal / Coordinadora do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE)



Eva Muíño Gómez

Vogal / Coordinadora do Grupo de Traballo de Tráfico e Seguridade



Marta Rivas Rodríguez

Vogal / Coordinadora coa Comisión de Ética e Deontoloxía



Mª Concepción Rodríguez Pérez

Vogal / Coordinadora da Comisión Intersectorial de Xénero e Responsable de Dinámica Sociocultural



Víctor Manuel Torrado Oubiña

Vogal / Coordinador coa Sección de Psicología e Saúde



Alejandra Fernández Rodríguez

Vogal

PRÓXIMA CIRCULAR INFORMATIVA DO COPG

Será a nº 266 e sairá a principios do mes de xullo de 2017.

A información terá que ser remitida como data límite o 15 de xuño de 2017.

4	Información Xeral
14	Información das Seccións
20	GIPCE
21	Comisión de Ética e Deontoloxía
25	Comisión para a Defensa da Profesión e para a Prevención do Intrusismo

Editorial

A colexiación, máis que unha obriga

Somos máis de 2.800 colexiados e colexiadas quen integramos o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, unha condición que supera a cuestión da simple obriga legal. O Colexio regula o exercicio desta profesión estreitamente ligada ao benestar das persoas e ao tempo que promove a excelencia na práctica e actúa como garantía do cumprimento dos requisitos legais para desenvolver a actividade.

Isto implica beneficios tanto para nós, como colectivo profesional, como para as persoas usuarias. A colexiación é un aval e unha garantía diante da sociedade e protéxenos ante dunha grave ameaza: a do intrusismo profesional. A proliferación de pseudoterapias, xunto con outros profesionais alleos que ofrecen servizos falsamente psicolóxicos danan seriamente a imaxe, a reputación e o exercicio mesmo da nosa profesión.

Un dano que custa reparar e que desde o COPG traballamos para poñerlle freo, como responsabilidade que asumimos. Igual que supón unha garantía de boa práctica contar con procedementos de autorregulación deontolóxicos, xa que permiten intervir cando están a vulnerarse dereitos das persoas usuarias. Estamos diante dunha cuestión de interese xeral, porque falamos da saúde e do benestar das persoas.

Pero ademais, o feito de que o Colexio reúna a todas e todos os profesionais da psicoloxía de Galicia outórganos unha forza e

unha representatividade que nos dá máis capacidade para levar adiante as reivindicacións que afectan o noso sector. Somos a entidade acreditada para falar en nome dos psicólogos e psicólogas galegas, e cada un dos nosos Colexiados e Colexiadas dá nos máis voz.

Fomentamos o desenvolvemento científico e profesional, a través das seccións e dun intenso programa formativo que abrangue as distintas áreas da psicoloxía aplicada. Neste ano, cúmprense dez edicións da nosa bolsa de investigación para Colexiados e Colexiadas, a beca Manuel Siota, que naceu para contribuír ao desenvolvemento de proxectos que supoñan un afondamento no coñecemento científico e na transformación da realidade de Galicia desde a psicoloxía.

O noso Colexio profesional permítenos unha óptima representación democrática, ofrécenos un papel forte como interlocutores coas distintas administracións públicas e facilítanos a llexítima defensa e a promoción profesional. Vai alén dunha mera obriga legal: son funcións que nos benefician como colectivo, pero tamén son fundamentais para o conxunto da sociedade, xa que promoven os principios de equidade, de integridade e de excelencia profesional e reforzan a nosa responsabilidade social.

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia debe ser o noso lugar de encontro profesional, e así o entendemos. Construimos un Colexio forte, eficaz e responsable; un punto de referencia que nos acompaña na nosa carreira profesional e que nos permite medrar como psicólogos e psicólogas.

Relacións Institucionais

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada asistiu:

■ A unha reunión da comisión de seguimento do Convenio de Mediación Intraxudicial de Santiago de Compostela o 20 de febreiro, xunto co tesoureiro do COPG, Miguel A. Chouza Ponte; coa directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, M^a Amparo González Méndez; o director xeral de Xustiza, Juan José Martín Álvarez; o fiscal superior da comunidade

INFORMACIÓN
XERAL



Mª Rosa Álvarez Prada

autónoma de Galicia, Fernando Suanzes Pérez; co xuíz de familia de Santiago de Compostela, Roberto Soto Sola; co decano do Colexio de Avogados de Santiago de Compostela, Evaristo Nogueira Pol; e coa subdirectora xeral de Política Familiar, Infancia e Adolescencia, Mª Emmanuela Díaz Castro-Rial.

■ Ás reunións do Pleno do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, do que a decana forma parte representando a Unión Profesional de Galicia, os pasados 1 de marzo e 6 de abril.

■ Xunto co Colexio de Avogados de Santiago de Compostela a unha xuntanza celebrada o 5 de abril coa concelleira de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde do Concello de Santiago de Compostela, Concepción Fernández Fernández, para tratar o convenio que se debe levar a cabo en materia de desfuzamentos en 2017.

■ Á reunión do Pleno do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela, do que o COPG forma parte, o pasado 6 de abril.



Mª Leonor Galiana Caballero

A vicepresidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, Mª Leonor Galiana Caballero, participou na sesión extraordinaria do Pleno do Consello Galego de Benestar Social celebrada o 1 de marzo en Santiago de Compostela.

A presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, Mª Jesús López Cernadas, asistiu á reunión da mesa de traballo para o estudo da situación das persoas sen teito-transeúntes e dos recursos en Santiago de Compostela, organizada pola Concellaría de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde do Concello de Santiago de Compostela, celebrada o 9 de marzo.



Fátima López Rodríguez

A coordinadora do Programa de atención psicolóxica a mulleres que sofren violencia de xénero, e complementariamente para as súas fillas e fillos menores e outras persoas do seu entorno familiar que vivan ou padezan situacións de violencia de xénero (PAPMVX) do COPG, Fátima López Rodríguez, xunto co coordi-

nador do Programa «Abramos o Círculo», Rubén Villar Trencó, mantiveron o 14 de marzo unha xuntanza coa vicerreitora de Estudantes, Cultura e Responsabilidade Social, M^a Dolores Álvarez Pérez, e coa coordinadora da Oficina de Igualdade de Xénero, Eva Aguayo Lorenzo, para explicarlles os obxectivos e o funcionamento dos mesmos, e para que, deste modo, poidan coñecer estes dous recursos da comunidade, de carácter especializado, que ofrecen unha resposta inmediata e promoven a accesibilidade ao tratamento psicoterapéutico.

A representante do COPG no Consello Municipal de Saúde do Concello de Santiago de Compostela, Rocío García Calvo, acudiu o 21 de marzo á xuntanza de dito Consello.

A coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, e o vicedecano do COPG, Hipólito Puente Carracedo, mantiveron unha reunión co fiscal coordinador de Seguridade Viaria en Galicia, Carlos Gil García, para tratar o tema dos condutores e das condutoras reincidentes, celebrada o 6 de abril en Vigo.



Rocío García Calvo

En representación do Colexio

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada asistiu:

- Aos actos académicos de celebración do patrón da Facultade de Psicoloxía da Universidade de Santiago de Compostela celebrados o 24 de febreiro.
- Á entrega do «Premio Xohana Torres de ensaios e creacións audiovisuais sobre a memoria histórica das mulleres de Compostela» do Concello de Santiago de Compostela, que se celebrou o 8 de marzo.
- Ao peche da Xornada sobre Sensibilización á Mediación «A mellor maneira de resolver un conflito», organizada polo Colexio Oficial de Enxeñeiros Técnicos Industriais de Vigo e a Unión Profesional de Galicia, que se celebrou en Vigo o 16 de marzo.

■ Participou co traballo «Violencia contra as mulleres: unha mirada desde a psicoloxía para un abordaxe integral» na XXIV Xornada Anual «¿Vivimos nunha sociedade violenta? Respostas desde a psicoloxía», organizada polo Col legi Oficial de Psicòlegs de la Comunitat Valenciana, que se celebrou en Castellón o 4 de marzo de 2017.



Mª Jesús López Cernadas

A presidenta da Sección de Psicoloxía da Intervención Social do COPG, Mª Jesús López Cernadas, asistiu ao acto do X aniversario do Programa Incorpora de La Obra Social de La Caixa, celebrada o 2 de marzo en Santiago de Compostela. Asistiu tamén ao acto de celebración do Día Mundial do Traballo Social, organizado polo Colexio Oficial de Traballo Social, celebrado o 24 de marzo en Santiago de Compostela; e ao evento «Memoria de Actividades 2016», organizado pola Cruz Vermella, celebrado o 6 de abril en Santiago de Compostela.



Carlos Montes Piñeiro

O coordinador do Grupo de Traballo sobre Saúde e Benestar Ocupacional de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións (PTO), Carlos Montes Piñeiro, asistiu a unha xuntanza con representantes do Colexio Profesional de Xornalistas de Galicia (CPXG) para colaborar nun estudo sobre os riscos psicosociais aos que están expostos os e as xornalistas no exercicio da súa profesión.



Eva Muíño Gómez

O COPG e o Consejo General de la Psicología

A coordinadora do Grupo de Tráfico e Seguridade do COPG, Eva Muíño Gómez, asistiu á reunión do Grupo de Traballo da Coordinadora da Área de Psicoloxía do Tráfico e Seguridade do Consejo General de la Psicología, celebrada os días 10 e 11 de marzo en Madrid.



A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu á reunión do Grupo de Traballo de Psicoloxía e Igualdade de Xénero do Consejo General de la Psicología os días 18 e 19 de febreiro en Barcelona.

O COPG condena os asasinatos machistas cometidos

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia expresa a súa máis rotunda condena dos asasinatos machistas ocorridos en Galicia, recentemente, ao tempo que desexa trasladar a súa solidariedade e as súas condolencias ás familias e ás persoas achegadas das vítimas.

Alegacións presentadas polo COPG

O Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia presentou recurso de reposición contra a Resolución 804/2017, do 13 de xaneiro de 2017, pola que se convoca o «proceso de elaboración dunha lista para a selección de persoal interino. Posto Educador/a», publicado mediante anuncio o día 23 de xaneiro de 2017 no *Boletín Oficial* da provincia da Coruña.

Becas de Necesidades Educativas Específicas do Ministerio de Educación

Ao ter coñecemento de que en Galicia as delegacións provinciais que xestionan estas becas están a denegalas por motivos que xa foran emendados polo propio Ministerio en cadansúas circulares, enviouse unha carta á Consellería de Educación trasladando esta información, co fin de que lle requiriran ao Ministerio que se cumpran as instrucións dadas.

Declaración institucional do COPG con motivo do Día Internacional da Muller

O 8 de marzo, o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia con motivo do Día Internacional da Muller, desexou facer especial fincapé na importancia da educación en igualdade como vía para desterrar a histórica desigualdade de xénero entre homes e mulleres.

Presentación da 'Guía de Peritos 2017'

A decana do COPG, M^a Rosa Álvarez Prada, asistiu o 10 de marzo ao acto de presentación da *Guía de Peritos 2017* da Unión Profesional de Galicia, da que o COPG forma parte. A guía inclúe case 100 psicólogos e psicólogas colexiadas para realizar peritaxes tanto do eido civil, como do laboral e do penal. Esta guía distribúese en órganos vinculados á carreira xudicial, nas administracións públicas e nos colexios profesionais membros da Unión Profesional de Galicia.

No acto contou coa presenza do director xeral de Xustiza, Juan José Martín Álvarez, e do delegado territorial da Xunta de Galicia en Vigo, Ignacio López-Chaves Castro.

Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas

O 14 de marzo tivo lugar na sede do Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia a sesión ordinaria da Asemblea Xeral de Colexiados e Colexiadas do COPG. Nela aprobáronse a conta de resultados e o balance de situación a 31 de decembro de 2016, así como a *Memoria de Actividades do Colexio* en 2016. Ademais, elixiuse como Colexiado de Honra a Manuel Filgueira Lois, colexiado GX-00002, de quen desexamos subliñar dun xeito especial a súa extraordinaria entrega persoal tanto á nosa institución como ao desenvolvemento da profesión da psicoloxía en Galicia. Son moitos anos entregados á vida colexial e á profesión que sempre veu exercendo con exemplar dedicación e entusiasmo.



Durante a celebración da Asemblea

Trixésima terceira edición do FOCAD

O 3 de abril deu comezo a Trixésima Terceira Edición do FOCAD, un programa de Formación Continuada a Distancia do Consejo General de la Psicología, cos seguintes bloques de materiais que os colexiados e colexiadas interesados poderán descargar e imprimir para o seu estudo ata o 30 de xuño de 2017:

- Acompañamento terapéutico con persoas con patoloxías mentais graves.
- Terapia baseada na mentalización (MBT).
- Seitas coercitivas: delimitación, avaliación e intervención.
- A solución extraxudicial de conflitos nas organizacións, 2ª edición actualizada.

- Construción de instrumentos de medida en psicoloxía 2ª edición actualizada.
- Tratamento psicolóxico da adicción ao tabaco, 2ª edición actualizada.
- Intervención con perspectiva de xénero en mulleres vítimas da violencia machista, 2ª edición actualizada.

Podes acceder a través de <http://www.cop.es/index.php?page=focad>.

Medios de comunicación

Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia difundíronse entre os medios de comunicación, tanto de prensa escrita como audiovisual, distintas notas de prensa. A relación dos comunicados pode ser consultada nos seguintes enlaces da páxina web do Colexio: <http://copgalicia.gal/comunicacion/prensa> e <http://copgalicia.gal/comunicacion/o-copg-nos-medios>.

O COPG está presente nas principais redes sociais. De seguido reproducense os enlaces de acceso ás mesmas:

f Facebook: <https://www.facebook.com/copgalicia>

t Twitter: www.twitter.com/copgalicia / @copgalicia

in LinkedIn: <http://www.linkedin.com/groups/Colexio-Oficial-Psicolox%C3%ADa-Galicia-4811703/about>



Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

ASESORÍAS

XURÍDICA

Dona Cecilia Barros Díaz

Tfno.: 981 894 601

[Martes de 17.00 a 20.00 horas]

Fóra deste horario poderanse realizar as consultas a través do enderezo de correo electrónico a.xuridica@protexdat.com



FISCAL

D. José Luis Iglesias Sexto

Tfno.: 981 588 770

[Venres de 9.00 a 13.00 horas]



2009

Joel Gómez

Xornalista

Pola súa contribución á sensibilización social coa divulgación da psicoloxía a través dos medios de comunicación desde hai moitos anos, pola súa dedicación e a súa entrega.



2010

Juan Carlos Varela García

Fiscal xefe do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia

Por ter contribuído desde a súa profesión a avanzar cara a unha sociedade máis xusta e igualitaria a través das iniciativas que promove e polo seu enfoque da intervención en problemáticas de carácter social.



2011

Asociación pola Recuperación da Memoria Histórica

Polas súas valiosas achegas ao coidado e á recuperación da memoria histórica, un acto de xustiza fundamental para dignificar as persoas e os pobos.



2012

Gemma Nierga

Xornalista

Polo compromiso e a sensibilidade demostrados no seu traballo contribuíndo á visibilización e á desestigmatización da enfermidade mental ou de persoas na prisión.

ACHEGAS DA

No Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia creamos en 2009 o acto Achegas da Psicoloxía, un encontro anual para todas as persoas colexiadas no que realizamos a entrega do noso galardón máis importante: o Premio Dolores Llópez «Psicoloxía e Sociedade».

Este galardón leva o nome da nosa compañeira Dolores Llópez Pereiro, para recoñecer a súa implicación e xenerosidade co colexio, co que participou activamente durante máis de dez anos, sendo membro da Xunta Rectora desde 1987 ata 1992 e pertencendo á Comisión Deontolóxica desde 1993 ata finais de 1997.

Este recoñecemento creouse para distinguir a persoa, a institución ou a asociación pola súa contribución ao desenvolvemento da psicoloxía en calquera dos seus eidos.

No Achegas tamén significamos aos colexiados e colexiadas que celebran 25 anos con nós de forma ininterrompida e damos a benvida ás persoas que se incorporaron no último ano.



2013

José Luis Sampedro Sáez

Escritor

Pola súa sensibilidade, o seu compromiso social, as súas reivindicacións, a súa coherencia e actitude persoal, e polas súas palabras cun enorme poder de visualización e defensa da dignidade humana.



2014

Veciñanza do barrio de Angrois

Polo seu comportamento xeneroso, exemplar e altruísta que axudou a salvar vidas no trágico accidente do tren Alvia acontecido en Santiago de Compostela a noite do 24 de xullo de 2013.



2015

Eduard Punset

Divulgador científico

Polo seu labor achegando profesionais e estudos internacionais sobre o comportamento humano, a neuropsicoloxía e as emocións, para comprender mellor o desenvolvemento da persoa.



2016

Rede Galega de Loita contra a Pobreza

Polo seu traballo por colectivos en situación de vulnerabilidade e dar voz a persoas que sofren con virulencia as consecuencias da exclusión e que non atopan outra posibilidade de representación.

PSICOLOXÍA

Galardón Dolores Llópez: Psicología e sociedade 2017

O vindeiro 16 de xuño celebraremos o acto Achegas da Psicoloxía que este ano terá lugar no Pazo de San Lourenzo, do que daremos cumprida información. Alí faremos entrega do premio «Dolores Llópez, Psicología e Sociedade» que este ano recae na Fundación Andrea, co que se pretende recoñecer o importante labor que están a realizar coa infancia en Galicia, como soporte indispensable para as familias.



2017

Fundación Andrea

Pola importante labor que veñen desenvolvendo pola infancia en Galicia, apoiando ás familias de nenos e nenas que padecen enfermidades longas ou crónicas.

INFORMACIÓN DAS SECCIÓN

A información que aparece neste apartado é elaborada e remitida por cada *Sección*, *Comisión* ou *Grupo de Traballo* do COPG tendo como data límite o 15 de cada mes par.

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA XURÍDICA

Apoio e financiamento ás actividades da Sección

O Consejo General de Psicología de España resolveu a concesión das axudas económicas para actividades relacionadas coa atención primaria, o ámbito xurídico e o educativo; concedendo un total de 1234,55 € de financiamento para as actividades que se propuxeron desde a Sección de Psicología Xurídica do COPG. Estas actividades terán como obxectivo promover a labor da/o psicóloga/o xurídico mediante o recoñecemento de accións (programas de intervención e servizos vinculados) a algún dos ámbitos de actuación da Psicología Xurídica: Penal, Criminal, Forense, da Familia, Menor, das Forzas de Seguridade, das Forzas Armadas, Vitimoloxía e Mediación.

As actividades concretaranse na convocatoria de dous recoñecementos ás/aos psicólogas/os colexiados que desenvolvan a súa actividade no ámbito territorial da comunidade autónoma de Galicia e dentro de calquera dos ámbitos de actuación da Psicología Xurídica. Nomearase unha comisión avaliadora que elaborará os criterios de valoración das propostas expostas así como os prazos do procedemento.

Premio da Sección de Psicología Xurídica 2016

Seguindo as bases da convocatoria creouse a comisión para avaliar os traballos presentados, quedando formada polas seguintes persoas: Jorge Sobral Fernández, catedrático da USC; José Manuel Oreiro Blanco, secretario do COPG; M^a Filomena Garrido Blanco, tesoureira da Sección; Ricardo Fandiño Pascual, vogal da Sección; María Penado Abilleira, vicepresidenta da Sección; Ángela Díaz Del Río Lago, socia da Sección e Miguel Anxo Losada López, socio da Sección. Esta comisión avaliadora, reunida o pasado 21 de febreiro, tras proceder á lectura e á valoración do traballo presentado así como a realizar as deliberacións oportunas, decidiu por unanimidade deixar o premio deserto.

Ligazón ao apartado da Sección de Psicología Xurídica da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/secciones/xuridica>

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA DA INTERVENCIÓN SOCIAL

Comunicado da Sección:

Desde a Sección participamos no tratamento de problemas de diferentes persoas e colectivos en situacións límite. Entendemos que estas circunstancias están orixinadas, ou cando menos acentuadas, pola gran desigualdade social da nosa contorna, desigualdade que parece que ten tendencia a medrar e a ficar.

Como profesionais da Psicoloxía da Intervención Social deberíamos lembrar que, partindo dos coñecementos que nos proporciona a psicoloxía como ciencia, debemos adquirir as competencias específicas para desenvolver o noso traballo con persoas e colectivos nas características propias dos actuais contextos sociais.

A realidade social é cambiante, mais nos últimos anos os cambios son tan acelerados que xeran rapidamente novos contextos e as demandas que se nos esixen como profesionais obrigan á continua adaptación e renovación das metodoloxías e das técnicas de traballo.

Deberíamos posuír as competencias profesionais necesarias para apoiar e contribuír á xestión da convivencia, da vida social e da vida afectiva/relacional das persoas nos espazos e tempos en que se desenvolve, xa sexa na infancia, na adolescencia, na xuventude, na vida adulta, na madura ou na vellez.

Porque entendemos que esta é tarefa da Psicoloxía da Intervención Social e porque sabemos que deberíamos ter un papel predominante na prevención e nas actuacións que conduzan a unha sociedade que progresa e que loite contra a involución da calidade de vida das persoas, creemos que debemos estar presentes, como profesionais, en todos os ámbitos da vida social das persoas; na familia, no grupo, no barrio ou na comunidade cada vez somos máis necesarios e, polo tanto, deberíamos estar.

Desde a Sección queremos promover e potenciar o noso valioso e necesario traballo e por iso a directiva da Sección de Psicoloxía da Intervención Social agradece a participación das persoas da Sección na proposta de actividades e anima a que continúedes

enviando propostas e suxestións que incidan na mellora do exercicio da profesión.

En breve poñeremos en marcha o conxunto das actividades propostas.

Coma sempre, a forma de contactar coa Sección é enviando un correo electrónico ao COPG.

Ligazón ao apartado da Sección de Psicoloxía da Intervención Social da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/secciones/intervencion-social>

SECCIÓN DE PSICOLOXÍA E SAÚDE

Formación prevista

Os vindeiros 16 e 17 de xuño terá lugar de novo no Hospital Psiquiátrico de Conxo (CHUS) de Santiago de Compostela o curso «A primeira entrevista en psicoloxía clínica», impartido por Yolanda Castro Casanova, facultativa especialista da Área de Psicoloxía Clínica na Unidade de Rehabilitación Psiquiátrica do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense, con ampla experiencia docente e asistencial. O curso achegarase aos distintos tipos e fases da entrevista clínica, terá unha orientación práctica e apoiarase na visualización de viñetas clínicas e o xogo de roles. Carlos Álvarez García, tesoureiro da Sección, encargárase das tarefas de coordinación.

Os días 29 e 30 de setembro, poderemos asistir na Coruña ao curso «Terapia de grupo en contexto hospitalario e atención primaria». O curso terá dous relatores, por unha banda, Miguel Gárriz Vera, psicólogo clínico, docente e investigador, director do Grupo de Traballo de Psicoloxía Clínica en Atención Primaria de Cataluña e condutor do Programa de Tratamentos Grupais no Instituto de Neuropsiquiatría e Adiccións (INAD) de Barcelona. O outro profesional será Jorge García Fernández, psicólogo clínico, docente e doutor en Psicoloxía e facultativo especialista da Área de Psicoloxía Clínica no Complexo Hospitalario Universitario de A Coruña, onde conduce grupos de atención psicolóxica para persoas con enfermidade física. Alicia Carballal Fernández, vogal da Sección de Psicoloxía e Saúde, coordinará este curso.

No mes de outubro, os días 20 e 21, está previsto en Ourense o curso «Caixa de area», que impartirá Raquel E. San José,

psicóloga clínica no Centro de Psicoterapia Agarimo de Pontevedra. A relatora conta con ampla experiencia clínica e docente. O curso achegaranos información sobre esta técnica e as súas aplicacións terapéuticas. Yolanda Maroño Souto e José Eduardo Rodríguez Otero encargáranse de coordinalo.



Anuario 9 «O Mal»

Ligazón ao apartado da Sección de Psicología e Saúde da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/seccions/psicologia-e-saude>

Vindeiras Xornadas de Psicología e Saúde. Anuario da Sección

Xa se iniciou a organización das XXII Xornadas da nosa Sección, que este ano se celebrarán en Betanzos (A Coruña), os días 16, 17 e 18 de novembro. O seu título será «Mal de moitos, tarefa de todos. Unha ollada ao estrés desde o comunitario» e nelas preténdese reflexionar sobre como ven afectando o momento cultural, político, económico e social que atravesamos a saúde mental das persoas. Por outra parte, o vindeiro mes de agosto publicarase a convocatoria para elixir a próxima Xunta Directiva da Sección de Psicología e Saúde, presentándose de seguido o calendario electoral, de tal xeito que a xornada electoral coincida coas Xornadas da nosa Sección. Tede en conta que só poderán participar como electores/as nesas eleccións aqueles colexiado/as que figuren como inscritos/as na Sección de Psicología e Saúde previamente á publicación da convocatoria de ditas eleccións.

O próximo Anuario da Sección titularase «O dano». Invítase a participar no mesmo. As persoas interesadas deberán enviar as súas achegas en formato de comunicación libre ou caso clínico ao enderezo de correo electrónico anuario@cop.es, antes do 31 de maio de 2017.

SECCIÓN DE PSICOLOGÍA DO TRABALLO E DAS ORGANIZACIÓNS

Organización e Recursos Humanos: competencias profesionais

O pasado 1 de abril celebrouse no salón de actos do Colexio o foro «A xestión de persoas nas organización. Negociando co futuro», onde se presentaron e se debateron as competencias profesionais, os novos procedementos de xestión e os retos

neste ámbito de intervención. Interveu Santiago Medín Díaz, encargado de RR. HH. da consultora GO PEOPLE & TALENT, expoñendo as «Competencias do profesional da psicoloxía na xestión de RR. HH.». Por outra banda, Rafael García Sánchez, director de ARANOVA RH Consultores e presidente do Comité Técnico Nacional de Normalización da Norma ISO/TC-260, tratou o tema «As persoas nas organizacións.

Normas consensuadas para unha xestión eficiente», onde se describiu o proceso de normalización que nestes momentos se está desenvolvendo a nivel internacional para establecer estándares de calidade para aplicar a todas as funcións propias da intervención na área da xestión de recursos humanos.

Finalmente, o rol da «Psicoloxía do Traballo e das Organizacións na xestión de persoas: retos para o futuro», presentado por Ana M^a Entenza Vidal, directora de Desenvolvemento de Proxectos de EGA Consultores, permitiu abrir o debate do foro e sinalar tanto as problemáticas como os desafíos para desenvolver competencias, métodos de avaliación e poñer en funcionamento procedementos para impulsar as boas prácticas no contexto organizativo.

Sesión interactiva sobre intervención profesional

Como é de costume, a Sección organizou un punto de encontro cos estudantes da Universidade de Santiago de Compostela para dar a coñecer os distintos aspectos do contexto da Psicoloxía do Traballo e das Organizacións. A sesión interactiva tivo lugar o 18 de abril no salón de actos da Facultade de Psicoloxía e versou sobre «Equipos e persoas: intervención profesional», co obxectivo de informar sobre aspectos da organización profesional e sinalar as diversas liñas de actuación nos distintos ámbitos ocupacionais. Participaron na sesión José Luis Domínguez Rey



Momento do foro «A xestión de persoas nas organización. Negociando co futuro».



Durante a sesión interactiva «Equipos e persoas: intervención profesional».

e Ana M^a Entenza Vidal, que disertaron sobre «O espazo e a estrutura profesional no ámbito da Psicoloxía do Traballo e das Organizacións» e «Os retos do profesional da psicoloxía do traballo nunha Consultora de RR. HH.», temas de referencia para perfilar as pautas de desenvolvemento das competencias e das actividades desde o escenario académico ao desempeño profesional.

Solicitud de Acreditación Europsy Especialista en PTO

Sínálanse as pautas para solicitar o certificado de Especialista de Psicoloxía do Traballo e das Organizacións para aqueles colexiados e colexiadas que desexen facelo por vía de veteranos e veteranas e leven inscritos/as como mínimo dous anos na División de PTORH.

Para ampliar información: <http://www.europsy.cop.es/index.php?page=Trabajo-Introduccion>

Nota:

O importe que se debe aboar para formalizar a solicitude polos gastos administrativos do proceso de valoración será de **150 €**. No suposto de que se dispoña do certificado Europsy Básico vixente e se queira solicitar o Europsy Especialista en Traballo, o importe que os solicitantes terán que aboar será de **125 €**.

1. Modelo de solicitude.	Anexo 1.A
2. Adhesión principios éticos.	Anexo 1.1
4. Rexistro Público. Estes datos aparecerán no Rexistro Europeo, onde aparecen todos os psicólogos/as acreditados/as pola EFPA.	Anexo 4
6. Declaración xurada.	Anexo 5
7. Currículum vitae.	Anexo 6
8. Solicitude do Certificado Europeo (EuroPsy).	Anexo 7
9. Copia do comprobante de pagamento polos gastos de tramitación da solicitude.	

**GRUPO DE
INTERVENCIÓN
PSICOLÓXICA EN
CATÁSTROFES E
EMERXENCIAS
(GIPCE)**

Simulacros

O pasado día 7 de marzo, José Ramón García Gómez, membro do GIPCE estivo na Delegación Provincial de Sanidade, co gallo de preparar o simulacro do PEE Cepsa. Neste mesmo mes de marzo participouse nun novo simulacro de intervención nun caso de accidente aéreo no aeroporto de Lavacolla, que se levou a cabo o día 22 e contou coa presenza de varios compañeiros do GIPCE: Julita Touriño, Lucía García, Emma Diéguez e Avelina Senra.

Ademais, a coordinadora Ana Isabel Martínez, asistira previamente á reunión de preparación e posteriormente Emma Diéguez ao proceso de avaliación. Con estes simulacros que se desenvolven de forma periódica búscase detectar necesidades e mellorar e axilizar os recursos e os procedementos para estar o máis preparados posible no caso dun accidente real.

Accións formativas

Co crecemento do grupo faise necesario a ampliación da oferta formativa para que as persoas que se incorporaran desde a apertura do grupo dispoñan dos coñecementos específicos necesarios. Así os días 17,18, 24 e 25 marzo, Concepción López e Aurora Rozadilla impartiron formación tanto para estas novas incorporacións, como para o resto de colexiados/as interesados/as en formarse nas áreas de emerxencias e catástrofes.



Durante a celebración da actividade

Por outra banda, e atendendo ás novas realidades sociais, desde o GIPCE detectouse a necesidade dun maior coñecemento que facilite o tratamento axeitado das situacións de emerxencia, dos procesos de dó ou das características propias dos rituais de despedida noutras culturas, e con persoas con diversidade funcional. Co obxectivo de mellorar as nosas competencias nesta área, o próximo 27 de maio, vaíse a celebrar o curso «Intervención con Poboacións Especiais».

A compañeira Aurora Rozadilla e o compañeiro José Ramón García colaboraron un ano máis coa profesora M^a José Santiago Mariño, encargada de impartir a materia Intervención en Crise e Trauma do Mestrado de Psicoloxía Sanitaria da Universidade de Santiago de Compostela.

Participación no III Congreso Nacional de Psicoloxía

Desde o GIPCE, levaranse dúas comunicacións ao III Congreso Nacional de Psicoloxía que se celebrara en Oviedo, do 3 ao 7 de xullo, as cales versaran sobre «Intervención e comunicación nas situacións de emerxencia» e a «Intervención na violencia de xénero». Ademais, enviaranse dous pósteres sobre o traballo que vimos desenvolvendo como grupo en emerxencias e catástrofes.

Ligazón ao apartado do Grupo de Intervención Psicolóxica en Catástrofes e Emerxencias (GIPCE): <https://copgalicia.gal/grupos-comisions/gipce>

COMISIÓN DE ÉTICA E DEONTOLOXÍA

O RESPECTO AO PRINCIPIO DE AUTONOMÍA

O principio de autonomía, que xorde coas éticas modernas, defende o respecto ao dereito que teñen as persoas a tomar as súas propias decisións e a dirixirse a si mesmas sen coacción. Con el, estase dando un papel fundamental á liberdade individual e á concepción da persoa como un fin en si mesmo.

Como calquera outro principio ten os seus límites e os máis claros témolos cando o exercicio da autonomía implica un risco para un terceiro. Neses casos, parece evidente a necesidade de restrinxir este dereito de libre decisión.

Con frecuencia, son máis complexas para nós as situacións en que a persoa toma decisións que supoñen un risco para si mesma. E aquí podemos nomear infinidade de exemplos cos

cales nos atopamos na nosa práctica psicolóxica, como poden ser o desenvolvemento de determinados hábitos tóxicos, prácticas sexuais ou decisións económicas, nos que non é estraño que o/a psicólogo/a se teña que situar ante o dilema de actuar pensando no ben do/a paciente ou respectar as súas decisións persoais. Tradicionalmente, o/a profesional sentíase na obriga de determinar o que era bo para a persoa usuaria, caendo nun paternalismo que a día de hoxe supón unha vulneración do dereito de autonomía, que nos esixe a consideración do suxeito como adulto e responsable. Nestes casos, en lugar de tratar de decidir que é o mellor para o suxeito, parte do traballo do/a psicólogo/a será o de conseguir discriminar se a persoa está decidindo por si mesma, con conciencia e liberdade. E cando isto non sucede, un traballo profesional ético tería que ir encamiñado a permitir que a persoa recupere o dominio de si mesma para que así poida decidir da maneira máis autónoma.

Un aspecto esencial, como expresión da autonomía das persoas usuarias nos diversos procesos de intervención psicolóxica, sexa esta do tipo que sexa, é o consentimento informado. Dito doutro modo, para que a atención psicolóxica conte coas garantías éticas suficientes é fundamental que se produza este consentimento por parte da persoa usuaria (cliente, paciente, etc.) e este debe ser válido. Alén do requisito de que a persoa ten que ter capacidade para poder dalo, a clave para un consentimento válido é ofrecer, por parte do/a profesional, un nivel de información suficiente e adecuado, é dicir, que no proceso de comunicación e relación coa persoa usuaria nos aseguremos de que esta comprende e asimila os contidos que se lle transmiten. Un consentimento non será válido se este é obtido a través da coacción ou do engano. En definitiva, as principais limitacións á autonomía poden vir dadas por alteracións na conciencia do suxeito, por influencias externas ou por un déficit na información que se lle fai chegar á persoa. O/a psicólogo/a debe identificar estas situacións e, de maneira activa, procurar acadar o nivel máximo de autonomía do suxeito.


O Código Deontolóxico do Psicólogo (CDP) recolle o respecto á autonomía das persoas a través do seu artigo 25, no que se esixe a transmisión adecuada de información sobre o proceso de

atención psicolóxica, e do artigo 42, no que se refire ao dereito que teñen os suxeitos avaliados a recibir información, aínda que a avaliación sexa solicitada por terceiros. Pero ademais, o CDP non só coida o dereito á autonomía a través da transmisión de información aos clientes, senón tamén a través doutras normas éticas que defenden o respecto á autodeterminación, á intimidade e á privacidade. Así, temos as esixencias de respectar os criterios morais e relixiosos das persoas usuarias (art. 9), de custodiar os documentos psicolóxicos (art. 19), de respectar a intimidade das persoas (art. 39) ou de salvagardar o segredo profesional (art. 40, 41).

Máis alá das normas deontolóxicas, existe lexislación que vela para que se dea cumprimento a este principio de autonomía das persoas, como é o caso da Lei orgánica 15/1999 de protección de datos de carácter persoal ou, xa no ámbito concreto da clínica, a Lei 3/2001, de 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes (modificada pola Lei 3/2005 de 7 de maio) e, sobre todo, a Lei 41/2002, do 14 de novembro, básica reguladora da autonomía do paciente e dos dereitos e das obrigas en materia de información e documentación clínica.

Toda esta normativa alude ás cuestións fundamentais da autonomía como é o dereito á información, o consentimento informado, a protección e custodia de datos persoais, o dereito de acceso á historia clínica e da súa custodia, etc. Tamén recollen un dos aspectos máis delicados e ás veces controvertidos do dereito de autonomía, que é o consentimento por representación e a autonomía dos/as menores. O consentimento por representación prodúcese cando a persoa non é capaz de tomar decisións ou está incapacitada legalmente e sempre ten que levarse a cabo en favor do suxeito, respectando á súa dignidade e permitindo que este participe o máximo posible.

É preciso recordar que cando traballamos con menores de 16 anos, o consentimento ten que ser dado por representación, pero cómpre ter en conta a opinión e o criterio do/a menor, especialmente cando a idade deste/a é superior aos 12 anos. Na maior parte dos casos de menores, os/as representantes legais son os seus proxenitores, e no caso das intervencións psicolóxicas, o




consentimento ten que ser dado por ambos os dous. Lograr este consentimento pode converterse nun asunto complicado cando existe conflito manifesto entre os pais, ante o que o psicólogo debe remitir a un xuíz ou xuíza para que tome a decisión sobre a pertinencia da asistencia psicolóxica.

Asemade, no manexo da información que recollemos nas nosas intervencións con nenos/as, como regra xeral, hai que partir do dereito a que se respecte a súa intimidade tal e como se recolle na Lei orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de protección xurídica do menor. Isto debe ser compatible coa obriga que os/as psicólogos/as temos de informar ao representante legal do/a menor, o cal ás veces pode resultar difícil para o/a profesional, que debe levar a cabo unha análise ética que contemple diferentes modos de responder e que permitan atopar o mellor camiño de actuación.

En definitiva, o/as psicólogos/as debemos actuar tendo en conta que os suxeitos que atendemos son autónomos e con dereito a dirixir as súas vidas cara a onde estimen oportuno. O noso labor pasa por garantir este dereito e axudar as persoas a incrementar a súa conciencia, a súa liberdade e a súa equidade na relación cos demais.

Ligazón ao apartado da Comisión de Ética e Deontoloxía da páxina web do COPG: <https://copgalicia.gal/grupos-comisiones/comision-de-etica-e-deontoloxia>



O CÓDIGO DEONTOLÓXICO

- Coñece o Código Deontolóxico, así como o marco legal no que se leva a cabo a túa práctica profesional.
- Actúa con responsabilidade. O descoñecemento non te exime de responsabilidade.
- Protexe coidadosamente os datos de carácter persoal.



Desde o Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia e desde a Comisión para a Defensa da Profesión e Prevención do Intrusismo pretendemos erradicar o intrusismo profesional na nosa profesión e poder ofrecer ás persoas usuarias do servizo a seguridade de ser atendidas por profesionais con titulación axeitada para garantirlles a mellor calidade.

**COMISIÓN PARA
A DEFENSA
DA PROFESIÓN
E PARA A
PREVENCIÓN
DO INTRUSISMO**

*Ligazón ao apartado da
Comisión de Intrusismo
da páxina web do
COPG: <https://copgalicia.gal/grupos-comisiones/comision-para-a-defensa-da-profesion-e-para-prevencion-do-intrusismo>*

Na memoria de actividades do COPG relativa ao exercicio 2016, consta que esta Comisión instruíu 29 expedientes por causas relativas ao intrusismo profesional. Son 9 expedientes os formalizados no que levamos andado de 2017, a data de 12 de abril. Estes expedientes son o resultado do traballo de colegas da profesión que coas súas achegas dan cumprimento ao artigo 14 do noso Código Deontolóxico: «O/a psicólogo/a non prestará o seu nome nin a súa sinatura a persoas que ilexítimamente, sen a titulación e a preparación necesarias, realizan actos de exercicio da Psicoloxía, e denunciará os casos de intrusismo que cheguen ao seu coñecemento». Cómpre agradecer a todas e todos estes colegas a súa colaboración co Colexio.

Debemos lembrar, máis unha vez, que esta Comisión non é froito do corporativismo, nin nace do afán da exclusividade ou do couto privado. A colexiación para o exercicio da psicoloxía é o requisito legal que demanda a sociedade, as persoas usuarias da psicoloxía, para garantirse «uns servizos de calidade nos que non se fai discriminación de persoas e que fundamenta a súa autoridade profesional na súa cualificación e capacitación para as tarefas que desempeña, estando sempre preparada/o e actualizada/o en métodos, instrumentos, técnicas e procedementos que empregue no seu traballo» (artigos 10 e 17 do Código Deontolóxico).

A todo iso estamos obrigados as e os membros do noso colectivo profesional.

CURSOS, XORNADAS E CONGRESOS

Servizo de Información de interese para os colexiados e colexiadas

O COPG non asume –agás nos casos en que sexa o organizador– nin o contido nin a metodoloxía dos cursos que se relacionan nesta Circular.

Pódense consultar os cursos, xornadas e congresos que non son organizados polo Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia no apartado de Formación Externa no seguinte enlace da páxina web do COPG:

www.copgalicia.gal/actividades/externas

VINDEIRAS ACTIVIDADES FORMATIVAS DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA

CURSO ONLINE: HABILIDADES DE COMUNICACIÓN EN PSICOLOXÍA

Períodos de celebración:

22 maio – 5 xuño

6 xuño – 20 xuño

21 xuño – 5 xullo

6 xullo – 21 xullo

22 xullo – 6 agosto

Organiza: Vogalía de Formación do COPG

ORBRADOIRO: O PERITAXE PSICOLÓXICO EN MATERIA FAMILIAR E CIVIL DESDE A PERS- PECTIVA DA XUSTIZA TERAPÉUTICA (TJ)

Datas: 2 e 3 de xuño

Lugar: Facultade de Psicoloxía da Uni-
versidade de Santiago de Compostela

Organiza: Sección de Psicoloxía Xurídica
do COPG

CURSO: A PRIMEIRA ENTREVISTA EN PSICOLOXÍA CÍNICA

Datas: 9 e 10 de xuño

Lugar: Aula Docencia (Salón verde)
Hospital Psiquiátrico de Conxo (CHUS)

Organiza: Sección de Psicoloxía e Saúde
do COPG

III Congreso Nacional de Psicoloxía

3 al 7 Julio 2017 • Oviedo • España

Psicoloxía para una sociedade avanzada. Logros y retos

www.oviedo2017.es



“PSICOLOXÍA PARA UNA SOCIEDAD AVANZADA. LOGROS Y RETOS”

Un punto de encontro para presentar
e debater sobre os distintos ámbitos
da profesión

Convención de colexios profesionais

Data: Sábado, 8 de xullo de 2017

www.oviedo2017.es

PRESENZA DO COLEXIO OFICIAL DE PSICOLOXÍA DE GALICIA NAS DIVISIÓNS PROFESIONAIS DO CONSEJO GENERAL DE LA PSICOLOGÍA



PsiE

División de Psicología
Educativa

Hipólito Puente Carracedo
G-0313



PsiJur

División de Psicología
Jurídica

Mercedes Novo Pérez
G-1492



PCyS

División de Psicología
Clínica y de la Salud

Francisco J. Sardiña Agra
G-1756



PACFD

División Psicología de la
Actividad Física y el Deporte

Mª Dolores González Fdez.
G-1935



PTORH

División Psicología
del Trabajo Organizaciones
y Recursos Humanos

José Luis Domínguez Rey
G-0136



PISoc

División de Psicología
de Intervención Social

Mª Jesús López Cernadas
G-1492



Colexio Oficial de
Psicoloxía de Galicia

Rúa da Espiñeira, 10-Baixo
15706 Santiago de Compostela
Tfno.: 981 534 049
Fax: 981 534 983
copgalicia@copgalicia.gal
www.copgalicia.gal

HORARIO

Inverno

Do 1 de outubro ao 31 de maio

De luns a xoves de 9.00 a 20.00 h,
e os venres de 9.00 a 15.00 h

Verán

Do 1 ao 30 de xuño e do

1 ao 30 de setembro


Luns, mércores, xoves e venres
de 8.00 a 15.00 h,


Martes de 8.00 a 20.00 h


Do 1 de xullo ao 31 de agosto

De luns a venres de 8.00 a 15.00 h

Redes sociais

 **Facebook:**
www.facebook.com/copgalicia

 **Twitter:** @copgalicia

 **LinkedIn:** www.linkedin.com
(Grupo: Colexio Oficial
de Psicoloxía de Galicia)

Membro da EFPA

Federación Europea de
Asociacións Profesionais
de Psicológos

